

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2020/21

| | |
|---|------------------------------|
| Inspector: José Fernando Carrasco Mera | Data: 17/09/2020 |
| Centro: CEIP Feliciano Barrera | Cód. centro: 36007370 |
| Localidade e Concello: Guláns (Ponteareas) | Provincia: Pontevedra |

EQUIPO DOCENTE:

TITORA: M^ª Reyes Rivero Fernández

MESTRA DE MÚSICA: Sara Edreira Tarela

MESTRE DE E.F.: Óscar Alonso Costas

MESTRA DE INGLÉS: Mar Martínez Domínguez

MESTRE DE RELIXIÓN: Francisco J. Ojosnegros

| | |
|--|-------------------------------|
| 1.ÍNDICE | ¡Error! Marcador no definido. |
| 2.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | 5 |
| 2.1.Introducción..... | 5 |
| 2.2.Contextualización | 6 |
| 2.2.1. O centro..... | 6 |
| 2.2.2. O alumnado | 7 |
| 2.2.3. As familias | 8 |
| 2.2.4. Situación sociolingüística do alumnado..... | 8 |
| 2.2.5. O alumnado de 6º EP | 8 |
| 3.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE | 9 |
| 3.1.Vinculación entre as competencias clave e os obxectivos da educación primaria | 10 |
| 4.PROGRAMACIÓN DAS ÁREAS | 13 |
| 4.1. Matemáticas | 15 |
| 4.1.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación..... | 15 |
| 4.1.2.Temporalización | 40 |
| 4.1.3.Concrecións metodolóxicas..... | 42 |
| 4.1.4.Materiais e recursos didácticos | 43 |
| 4.1.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado..... | 43 |
| 4.1.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados | 48 |
| 4.1.7.Criterios de avaliación e estándares mínimos en caso de actividade lectiva non presencial | 49 |
| 4.2. Lingua castelá e literatura | 51 |

| | |
|--|-----|
| 4.2.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación..... | 51 |
| 4.2.2.Temporalización | 72 |
| 4.1.3.Concrecións metodolóxicas..... | 73 |
| 4.1.4.Materiais e recursos didácticos | 74 |
| 4.1.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado..... | 75 |
| 4.1.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados | 80 |
| 4.2.7.Criterios de avaliación e estándares mínimos en caso de actividade lectiva non presencial | 81 |
| 4.3. Lingua galega e literatura | 83 |
| 4.3.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación..... | 83 |
| 4.3.2.Temporalización | 107 |
| 4.3.3.Concrecións metodolóxicas..... | 109 |
| 4.3.4.Materiais e recursos didácticos | 110 |
| 4.3.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado..... | 110 |
| 4.3.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados | 115 |
| 4.3.7.Criterios de avaliación e estándares mínimos en caso de actividade lectiva non presencial | 116 |
| 4.4. Ciencias sociais..... | 119 |
| 4.4.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e instrumentos de avaliación..... | 119 |
| 4.4.2.Temporalización | 136 |
| 4.4.3.Concrecións metodolóxicas..... | 137 |
| 4.4.4.Materiais e recursos didácticos | 138 |
| 4.4.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado..... | 138 |

| | |
|--|-----|
| 4.4.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados | 143 |
| 4.4.7.Criterios de avaliación e estándares mínimos en caso de actividade lectiva non presencial | 144 |
| 4.5.Ciencias da natureza..... | 147 |
| 4.5.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación..... | 147 |
| 4.5.2.Temporalización | 161 |
| 4.5.3.Concrecións metodolóxicas..... | 162 |
| 4.5.4.Materiais e recursos didácticos | 163 |
| 4.5.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado..... | 164 |
| 4.5.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados | 169 |
| 4.5.7.Criterios de avaliación e estándares mínimos en caso de actividade lectiva non presencial | 169 |
| 4.6.Educación artística (plástica)..... | 172 |
| 4.6.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación..... | 172 |
| 4.6.2.Temporalización | 186 |
| 4.6.3.Concrecións metodolóxicas..... | 187 |
| 4.6.4.Materiais e recursos didácticos | 188 |
| 4.6.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado..... | 189 |
| 4.6.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados | 194 |
| 4.6.7.Criterios de avaliación e estándares mínimos en caso de actividade lectiva non presencial | 195 |
| 4.7. Valores sociais e cívicos. | 197 |
| 4.7.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación..... | 197 |
| 4.7.2.Temporalización | 215 |

| | |
|--|------------|
| 4.7.3.Concrecións metodolóxicas..... | 216 |
| 4.7.4.Materiais e recursos didácticos | 217 |
| 4.7.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado..... | 218 |
| 4.7.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados | 223 |
| 4.7.7.Criterios de avaliación e estándares mínimos en caso de actividade lectiva non presencial | 224 |
| 5. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO | 226 |
| 6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE..... | 226 |
| 7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE..... | 227 |
| 8.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES | 228 |
| 9.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA | 229 |
| 10. APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS NO CURSO 2019-20 | 230 |
| 11. PLAN DE RECUPERACIÓN | 230 |
| 12.MEDIDAS PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL..... | 231 |

2.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

2.1.Introdución

A presente programación está fundamentada no establecido no Real Decreto 126/2014 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación primaria, e no Decreto de 4 de setembro de 2014 da Consellería de Educación de Galicia pola que se establece o Currículo de Educación Primaria para esta Comunidade.

O noso Proxecto propón un modelo de ensino-aprendizaxe comprensivo que se enmarca dentro do paradigma da educación universal (global ou integral) que debe preparar a todos os cidadáns para ter éxito na vida, a través da adquisición e o desenvolvemento das Competencias Clave.

Entendemos que a función do ensino é facilitar a aprendizaxe dos nenos e nenas, axudándoos a construír, adquirir e desenvolver as Competencias Clave que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e enfrontar os continuos cambios que impoñen en todas as ordes da nosa vida os rápidos avances científicos e a nova economía global.

Así, a aprendizaxe das competencias clave, aínda que vai ligada ás áreas de coñecemento e aos estándares de aprendizaxe fixados nelas, é global e adquirírase a partir da súa contextualización en situacións reais e próximas ao alumno para que poida integrar diferentes aprendizaxes, tanto as formais, como as informais e non formais, e utilízalas de forma efectiva cando lle resulten necesarias en diferentes situacións e contextos.

2.2.Contextualización

2.2.1. O centro

O centro atópase nun val, no núcleo rural de O Casal, lugar da Parroquia de San Xulián de Guláns, pertencente ao Concello de Ponteareas (Pontevedra), a unha distancia de 5 Km da cabeza do municipio e a uns 26 km de Vigo. Dita parroquia conta con uns 718 habitantes (datos 2018), distribuídos en 23 entidades de poboación, nas que a maioría das vivendas son de tipo unifamiliar agrupadas en barrios dispersos.

Polo que respecta ao nivel socioeconómico da poboación de Guláns, pódese considerar de clase media-baixa. A presenza do sector secundario é practicamente inexistente e a maioría dos habitantes traballan no sector primario e terciario, sendo os homes os que fundamentalmente realizan traballos remunerados, mentres que a maioría das mulleres dedícanse ás labores do fogar e ao cultivo dos campos para autoconsumo e, aínda que en menor medida que anos atrás, parte desta produción vai destinada a unha posterior venta no mercado de Ponteareas. Caben destacar no sector primario a existencia das “Canteiras de Couso” e o cultivo de pementos, potenciado coa concesión da denominación de orixe “Pemento de Guláns”.

En canto á situación sociocultural, a parroquia de Guláns conta con diversas instalacións e actividades culturais, entre as que se atopan:

- A Avisoureira: unha casa cultural que conta cunha cafetería, un gran salón de actos, unha pequena biblioteca, tres ordenadores con acceso a internet, zona de recreo con pistas deportivas, parque infantil, ... Pola cercanía do noso centro e pola calidade das instalacións e o recinto, é habitual que realicemos algunhas actividades do centro nesta casa cultural.
- Banda de Música Unión de Guláns: unha das bandas máis antigas e con maior historia de todo Galicia.
- Escola de música da Banda de Música Unión de Guláns: está autorizada pola Consellería de Educación e asisten moitos dos alumnos/-as do centro.
- Asociación Cultural de Guláns: organiza varias actividades culturais, lúdicas e de formación (bailes de salón, ioga, pilates, actuacións, espectáculos, festas, ...)
- Comunidade de Montes San Cibrán: realiza unha labor de xestión e conservación do medio natural e subvenciona actividades e obras para toda a parroquia.

- Rancho de Reis de Guláns: un grupo que mantén vivo unhas danzas ancestrais típicas da zona sur de Pontevedra que só se bailan nas datas próximas ao Nadal. Varios alumnos/-as do centro pertencen a este grupo.
- Ao longo do ano hai outras asociacións que realizan actividades diversas nas que tamén adoita participar o alumnado do centro (comisións de festas, grupo dos rastrexos, asociación do pemento de Guláns, grupo de catequese, ...)

A vila de Pontearreas atópase a uns 9 km do centro. Alí as familias teñen acceso a biblioteca, museo, actividades culturais, ... O principal problema é que non se dispón dunha rede de transporte público adecuada, polo que moitas familias non teñen un fácil acceso á vila. Este problema existe tamén coa conexión con Vigo, que ten unha maior oferta cultural e está a uns 25 km, pero non tódalas familias dispoñen de coche propio para poder desprazarse ata alí.

2.2.2. O alumnado

Este curso contamos con 107 alumnos/-as procedentes principalmente de Guláns, Cristiñade e Ganade (Parroquia de Areas). En xeral, o alumnado pertence a familias dun nivel socioeconómico e cultural medio-baixo.

En xeral é un alumnado non conflitivo, cun ambiente familiar que se atopa dentro do considerado como normal sen problemáticas graves de risco de exclusión social, alcoholismo, drogodependencia, abandono familiar, ... Existe algún caso concreto que xa conta co apoio dos servizos sociais do Concello.

No centro non haber alumnado doutras nacionalidades. Hai algúns pais e nais procedentes doutros países (Portugal e Brasil) e algúns nenos/-as que, aínda que foron adoptados por familias do lugar, proceden tamén doutros países.

O alumnado, en xeral, non presenta grandes desfases entre o seu nivel de coñecemento e a súa idade. Aínda así, aproximadamente un 30% do alumnado está considerados como alumnado con necesidades educativas e precisa dunha especial atención en distintos ámbitos da aprendizaxe.

2.2.3. As familias

As familias están organizadas en torno á ANPA. A ANPA funciona ben e adoita coordinarse de forma moi correcta co centro e coas familias. Tamén adoitan ter propostas interesantes para o alumnado e para o centro. Todo isto redunda en beneficio da boa relación existente entre tódolos membros da comunidade educativa.

As familias adoitan estar sempre dispostas a colaborar co centro en todo o que se lles pide. En xeral, salvo raras excepcións, preocúpanse pola educación dos seus fillos e fillas, asistindo de maneira periódica ás reunións cos titores, así como ás reunións xerais e ás distintas actividades organizadas polo centro. Ademais sempre colaboran nas actividades que propoñen os distintos equipos de dinamización e os titores e titoras.

Dende o centro mantense coas familias unha comunicación continua e eficaz a través de distintos medios (circulares, teléfono, reunións, ...).

No que respecta a aquelas familias cunha situación problemática ou delicada, mantense un contacto frecuente cos servizos sociais do Concello de Pontareas.

2.2.4. Situación sociolingüística do alumnado

Polo que respecta ao alumnado, a pesar de pertencer a un medio rural, a maioría fala castelán. Cada ano vaise perdendo un número maior de galego falantes.

2.2.5. O alumnado de 6º EP

A aula de 6º componse por 18 alumnos, dos cales 9 son rapaces e 9 son rapazas. Hai un alumno con adaptación curricular a nivel de 4º de primaria, un alumno diagnosticado con dislexia e TDAH, un alumno repetidor e outras dúas alumnas que presentan dificultades de comprensión pero con boa actitude e todos moi traballadores. Os demais non presentan dificultades, dándose na aula un clima traballador e distendido moi agradable e propicio para a aprendizaxe.

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Enténdese por **competencias** as capacidades para aplicar de forma integrada os **contidos** propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, coma nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais.

- ✓ Comunicación lingüística (CCL).
- ✓ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- ✓ Competencia dixital (CD).
- ✓ Aprender a aprender (CAA).
- ✓ Competencias sociais e cívicas (CSC).
- ✓ Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- ✓ Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e reconfiguración dos contidos dende un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Enténdese por obxectivos os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

3.1.Vinculación entre las competencias clave e os obxectivos da educación primaria

| OBXECTIVOS | COMPETENCIAS CLAVE |
|--|--|
| <p>a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.</p> | <p>Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p> |
| <p>b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.</p> | <p>Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender</p> |
| <p>c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.</p> | <p>Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender Comunicación lingüística.</p> |
| <p>d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.</p> | <p>Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Conciencia e expresións culturais</p> |
| <p>e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.</p> | <p>Comunicación lingüística. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.</p> |
| <p>f) Adquirir, cando menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.</p> | <p>Comunicación lingüística. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.</p> |

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
Aprender a aprender.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
Aprender a aprender.
Sociais e cívicas.
Conciencia e expresións culturais.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Conciencia e expresións culturais.
Comunicación lingüística.
Dixital.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
Sociais e cívicas.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
Sociais e cívicas.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Sociais e cívicas.
Conciencia e expresións culturais.
- n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Sociais e cívicas.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, destacando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Sociais e cívicas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Conciencia e expresións culturais.

4.PROGRAMACIÓN DAS ÁREAS

Enténdese por **contidos** o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias.

Enténdese por **criterios de avaliación** o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Enténdese por **estándares de aprendizaxe** as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe avaliáveis, que non son máis que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave. Por outra banda, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina, e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para acadalos.

En cada área os contidos agrúpanse en bloques, o que non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis axeitada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas aos que van dirixidos.

Enténdese por **grao de consecución** o nivel mínimo de adquisición de cada un dos estándares de aprendizaxe e, polo tanto, está directamente relacionado con estes, xa que se trata do seguinte nivel de concreción dos mesmos. Este seguinte nivel de concreción, ven a establecer o grao mínimo de consecución que se esixe para que o alumnado poida superar a materia.

Enténdese por **procedementos de avaliación** o xeito de avaliar, as probas, ferramentas ou instrumentos de avaliación. Existe unha gran variedade de medios para avaliar, que van dende a tradicional proba escrita ata a observación directa, pero ningún deles é completo sen os outros. A elección dos máis apropiados depende en gran medida do tipo de actividade de que se trate. É necesario, por tanto, escoller en cada momento o instrumento de avaliación máis adecuado ás nosas necesidades. Dada a cantidade de elementos de ensinanza a avaliar, os procedementos han de ser ricos e variados, proporcionando información dende distintos puntos de vista. Debido a isto, é necesario recorrer a estratexias educativas que busquen avaliacións de tipo cualitativo e non unicamente cuantitativas.

4.1. Matemáticas

4.1.1. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación

Competencias Clave: 1º. Comunicación lingüística (CCL). – 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT). – 3º. Competencia dixital (CD). – 4º. Aprender a aprender (CAA). – 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC). – 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). – 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O grao de consecución dos estándares de aprendizaxe valorarase con indicadores de logro do 1 ao 4. Sendo 1 o nivel máis básico que correspondería a unha cualificación de insuficiente, o que chegue ao nivel 2 obtén a cualificación de suficiente, o nivel 3 corresponde ao ben ou notable dependendo da actitude e o traballo realizado na aula e o nivel 4 obtén a cualificación de sobresaliente.

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Procedementos de avaliación |
|---|---|---|--|---|-------------|----------------|--|
| BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS | | | | | | | |
| b g | B1.1. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais. | B1.1. Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e | MTB1.1.1. Realiza predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados, analizando a súa | 1. É quen de facer un traballo de investigación aplicando os coñecementos | CMCT CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación de Análise de producións |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Procedementos de avaliación |
|---------|---|---|---|--|-----------------------------------|----------------|---|
| | | funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións. | idoneidade e os erros que se producen. | adquiridos seguindo a estratexia máis axeitada. 2. Comprende o proceso a seguir para levar a cabo un traballo de investigación. | | | Rexistro de tarefas diarias Probos escritas |
| b e g i | B1.1. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais. | B1.2. Realizar e presentar informes sinxelos sobre o desenvolvemento, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación. | MTB1.2.1. Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados e as conclusións obtidas. | 1. É quen de elaborar e presentar un pequeno informe sobre o traballo levado a cabo. | CMCT CCL CAA CSIEE CD | 1ª 2ª 3ª | Observación de producións Rexistro de tarefas diarias Probos escritas |
| b g | B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas. | B1.3. Planificar e controlar as fases do método de traballo científico en situacións apropiadas ao seu nivel. | MTB1.3.1. Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións a resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais. | 1. Esfórzase por practicar e exercitar a resolución dun problema empregando diferentes estratexias. | CMCT CAA CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Observación de producións Rexistro de tarefas diarias Probos escritas |
| b e g | B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas. B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as | B1.4. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático. | MTB1.4.1. Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación. | 1. Esfórzase en practicar a resolución de problemas tratando de atopar todas as posibles solucións con orde e rigor tratando de superar os atrancos que poidan xurdir. | CMCT CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación de producións Rexistro de tarefas diarias Probos escritas |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Procedementos de avaliación |
|------------------|--|--|---|---|-----------------------------------|----------------|---|
| | dificultades propias do traballo científico. | | MTB1.4.2. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos. | 1. Esfórzase por practicar e exercitar a resolución dun problema empregando diferentes estratexias e sendo capaz de desenvolvelas e explicalas todas. | CMCT CCL CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación de producións Rexistro de tarefas diarias Probas escritas |
| b g i | B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados. | B1.5. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas. | MTB1.5.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares. | 1. Comprende o proceso para a resolución dun problema. | CMCT CAA CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Observación de producións Rexistro de tarefas diarias Probas escritas |
| | | | MTB1.5.2. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos. | 1. Emprega as novas tecnoloxías para desenvolver o seu traballo diario. | CMCT CD CAA CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Observación de producións Rexistro de tarefas diarias Probas escritas |
| b e g i | B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, | B1.6. Seleccionar e utilizar as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas. | MTB1.6.1. Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta | 1. É quen de facer un traballo de investigación aplicando os coñecementos adquiridos e empregando as ferramentas tecnolóxicas máis | CMCT CD CAA CCL CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Observación de producións Rexistro de tarefas diarias Probas escritas |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Procedementos de avaliación |
|--------------------------|---|---|---|---|--------------|-------------|--|
| | realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados. B1.5. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. | | tecnolóxica axeitada e compartindo cos seus compañeiros. | axeitadas. 2. Ten a autonomía suficiente para a realización de tarefas empregando as TICS máis axeitadas. 3. Interesase pola recollida de información a través da observación, a experimentación e o emprego das TIC | | | |
| BLOQUE 2. NÚMEROS | | | | | | | |
| b e g | B2.1. Números enteiros, decimais e fraccións. B2.2. A numeración romana. B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números. B2.4. Nome e grafía dos números de máis de seis cifras. B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc. B2.6. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras. B2.7. O número decimal: décimas, centésimas e milésimas. | B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas). | MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións. | 1. Escribe e le cantidades representadas no sistema de numeración romano aplicando as regras do mesmo. 2. É quen de pasar números do sistema decimal ao sistema romano e, viceversa. 3. Emprega os números romanos para datar feitos e acontecementos | CMCT CCEC | 1ª | Observación Análise de producións Rexistro de tarefas diarias Probas escritas |
| | | | MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, | 1. Comprende como se forman os números | CMCT CAA | 1ª 2ª | Observación |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Procedementos de avaliación |
|------|--|-------------------------|---|--|------------|-------------|--|
| | <p>B2.8. Fraccións propias e impropias. Número mixto. Representación gráfica.</p> <p>B2.9. Os números decimais: valor de posición.</p> <p>B2.10. Números positivos e negativos.</p> <p>B2.11. Ordenación de conxuntos de números de distinto tipo.</p> | | <p>números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p> | <p>no sistema decimal de numeración.</p> <p>2. Coñece as nove primeiras ordes de unidade e aplica as equivalencias entre elas.</p> <p>3. Le, escribe, descompón, compara, ordena e redondea os números de ata nove cifras.</p> <p>4. Realiza operacións combinadas aplicando a xerarquía correcta.</p> <p>5. Coñece a importancia da posición das cifras e da coma.</p> <p>6. Representa un punto a partir das súas coordenadas.</p> | <p>CCL</p> | | <p>Análise de producións</p> <p>Rexistro de tarefas diarias</p> <p>Probos escritas</p> |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Procedementos de avaliación |
|-------|---|--|---|--|-----------------------------|-------------|--|
| b e g | <p>B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.</p> <p>B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc.</p> <p>B2.12. Concepto de fracción como relación entre as partes o todo.</p> <p>B2.8. Fraccións propias e impropias. Número mixto. Representación gráfica.</p> <p>B2.9. Os números decimais: valor de posición.</p> <p>B2.13. Redondeo de números decimais ás décima, centésima ou milésima máis próxima.</p> <p>B2.10. Números positivos e negativos.</p> <p>B2.14. Redondeo de números naturais ás decenas, centenas e millares.</p> | <p>B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.</p> | <p>MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p> | <p>1. Le, escribe, descompón, compara, ordena e redondea os números de ata nove cifras.</p> <p>2. Diferencia entre números ordinais e cardinais.</p> <p>3. Recoñece os números enteiros e sabe diferenciar entre números positivos e negativos</p> | <p>CMCT CAA CCL</p> | <p>1ª</p> | <p>Observación de producións Rexistro de tarefas diarias Probas escritas</p> |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Procedementos de avaliación |
|------|----------|-------------------------|---|--|------|-------------|---|
| | | | | <p>4. Sabe descompoñer os números decimais de forma aditiva, de forma aditivomultiplicativa e segundo o valor de posición das súas cifras.</p> <p>5. Identifica situacións cotiás nas que se empregan os números decimais.</p> <p>6. Coñece o concepto de fracción, os seus termos e a relación entre as partes e o todo.</p> <p>7. Compara e ordena fraccións</p> | | 2ª | |
| | | | <p>MTB2.2.2. Utiliza os números negativos en contextos reais.</p> | <p>1. Identifica situacións da vida diaria nas que se empregan os números enteiros.</p> | CMCT | 1ª | <p>Observación de producións</p> <p>Rexistro de tarefas diarias</p> |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Procedementos de avaliación |
|------|--|---|---|--|------|-------------|--|
| | | | | | | | Probas escritas |
| g | <p>B2.15. Fraccións equivalentes, redución de dúas ou máis fraccións a común denominador.</p> <p>B2.13. Redondeo de números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.</p> <p>B2.16. Relación entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións.</p> | B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas. | <p>MTB2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.</p> <p>MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.</p> <p>MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal.</p> | <p>1.Sabe calcular o m.c.m e reduce fraccións a a común denominador. 2.Coñece e aplica os procedementos que permiten comprobar a equivalencia entre dúas fraccións e calcula fraccións equivalentes a unha fracción dada.</p> <p>É quen de redondear números decimais á décima, á centésima e á milésima.</p> <p>1.Compara e ordena fraccións.</p> | CMCT | 2ª | <p>Observación de producións de tarefas diarias</p> <p>Probas escritas</p> |
| | | | | | CMCT | 2ª | <p>Observación de producións de tarefas diarias</p> <p>Probas escritas</p> |
| | | | | | CMCT | 2ª | <p>Observación de producións de tarefas diarias</p> <p>Probas escritas</p> |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Procedementos de avaliación |
|-------------|--|--|--|---|------|-------------|--|
| g | <p>B2.15. Fraccións equivalentes, redución de dúas ou máis fraccións a común denominador.</p> <p>B2.17. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade.</p> | <p>B2.4. Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se usan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación e calculadora).</p> | <p>MTB2.4.1. Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.</p> | <p>1. Sabe cando un número é divisible por 2,3,4,5,9 e 10. 2. Calcula múltiplos e divisores dun número.</p> <p>3. Recoñece se un número é múltiplo ou divisor doutro.</p> <p>4. Identifica e diferencia entre números primos e números compostos.</p> <p>5. Sabe descompoñer un número en factores.</p> <p>6. Sabe calcular o m.c.m. e o m.c.d.</p> <p>7. Sabe calcular o m.c.m. aplicando as regras de divisibilidade para poder reducir fraccións a común denominador</p> | CMCT | 1ª 2ª | <p>Observación de producións</p> <p>Rexistro de tarefas diarias</p> <p>Probas escritas</p> |
| b e g | <p>B2.18. Estimación de resultados.</p> <p>B2.19. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.</p> | <p>B2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.</p> | <p>MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.</p> | <p>1. Realiza operacións combinadas aplicando a xerarquía correcta e o uso das parénteses.</p> | CMCT | 1ª | <p>Observación de producións</p> <p>Rexistro de tarefas diarias</p> |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Procedementos de avaliación |
|---|--|-------------------------|---|---|---------------------|--|-----------------------------|
| | <p>B2.20. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.</p> | | | <p>2. Coñece e sabe aplicar as propiedades das diferentes operacións.</p> | <p>CMCT CCL</p> | | <p>Probas escritas</p> |
| <p>MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.</p> | | | <p>1.Recoñece, representa, compara, efectúa operacións e problemas da vida real con números naturais e enteiros</p> | <p>1ª</p> | | <p>Observación de producións Rexistro de tarefas diarias Probas escritas</p> | |
| | | | <p>2.Recoñece, representa, compara, efectúa operacións e problemas da vida real con números naturais, decimais, enteiros e fraccións.</p> | <p>2ª</p> | | | |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Procedementos de avaliación |
|--------|---|--|---|---|-------------|-------------|---|
| | | | MTB2.5.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias. | 1. É quen de estimar sumas, restas e produtos de números naturais. 2. Emprega diferentes estratexias de cálculo | CMCT CAA | 1ª | Observación de producións Rexistro de tarefas diarias Probas escritas |
| | | | | 3. É quen de estimar sumas, restas e produtos de números decimais. | | 2ª | |
| b g | B2.17. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade. B2.21 Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división. | B2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado | MTB2.6.1. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10. | 1. Sabe relacionar unha potencia coa operación que representa e con situacións do seu entorno. 2. Le, escribe e resolve potencias. 3. É quen de comprender a | CMCT | 1ª | Observación de producións Rexistro de tarefas diarias Probas escritas |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Procedementos de avaliación |
|------|--|-------------------------|---|---|-------------|-------------|--|
| | B2.22. Potencia como produto de factores iguais. Cadrados e cubos. Potencias de base 10. B2.23. Identificación e uso dos termos propios da división. B2.20. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais. B2.24. Operacións con fraccións. B2.25. Operacións con números decimais. B2.26. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división. | | | relación entre as potencias de base 10 e a expresión polinómica dun número | | | |
| | | | MTB2.6.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número. | 1. Calcula sumas restas e multiplicacións de fraccións co mesmo e con distinto denominador. 2. Sabe multiplicar unha fracción por un número. | CMCT | 2ª | Observación de producións Análise de tarefas diarias Rexistro de Probas escritas |
| | | | MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais. | 1. Calcula sumas, restas, multiplicacións e divisións con números decimais. | CMCT | 2ª | Observación de producións Análise de tarefas diarias Rexistro de Probas escritas |
| | | | MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese. | 1. Realiza operacións combinadas aplicando a xerarquía correcta e o uso das parénteses. | CMCT CAA | 1ª 2ª | Observación de producións Análise de tarefas diarias Rexistro de Probas escritas |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Procedementos de avaliación |
|-------------|--|---|---|--|-------------|-------------|--|
| b e g | B2.16. Relación entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións. B2.27. Porcentaxes e proporcionalidade. B2.28. Expresión das partes utilizando porcentaxes. B2.29. Correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes. B2.30. Aumentos e diminucións porcentuais. B2.31. Proporcionalidade directa. B2.32. A regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade. B2.33. Resolución de problemas da vida cotiá. | B2.7. Iniciarse no uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá. | MTB2.7.1. Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes. | 1.Sabe elaborar táboas de proporcionalidade. 2. Le, escribe e calcula porcentaxes. 3. Aplica o concepto de porcentaxe en diferentes contextos | CMCT | 2ª | Observación de producións Análise de tarefas diarias Rexistro de Probas escritas |
| | | | MTB2.7.2. Establece a correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes. | 1. Comprende a relación e a correspondencia entre fraccións, decimais e porcentaxes. | CMCT | 2ª | Observación de producións Análise de tarefas diarias Rexistro de Probas escritas |
| | | | MTB2.7.3. Calcula aumentos e diminucións porcentuais. | 1. Sabe calcular porcentaxes. | CMCT | 2ª | Observación de producións Análise de tarefas diarias Rexistro de Probas escritas |
| | | | MTB2.7.4. Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria. | 1. Emprega a regra de tres directa para resolver problemas da vida cotiá. | CMCT CAA | 2ª | Observación de producións Análise de tarefas diarias Rexistro de Probas escritas |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Procedementos de avaliación |
|--------|---|--|---|--|-------------------------|------------------------|--|
| | | | MTB2.7.5. Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas. | 1. Sabe empregar a regra de tres directa para resolver problemas da vida cotiá. | CMCT CCL CAA | 2ª | Observación de producións Rexistro de tarefas diarias Probas escritas |
| b g | B2.17. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade. B2.18. Estimación de resultados. B2.26. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división. B2.34. Automatización de algoritmos. B2.35. Descomposición de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa. B2.36. Descomposición de números naturais atendendo o valor de posición das súas cifras. B2.37. Construción de series ascendentes e descendentes. | B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá. | MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións). MTB2.8.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras. | 1. Efectúa as catro operacións básicas con números naturais e enteiros. 2. Resolve problemas utilizando diferentes estratexias. 3. Efectúa as catro operacións básicas con todo tipo de números. 1. Sabe descompoñer os números naturais de forma aditiva, de forma aditivo-multiplicativa e segundo o valor de posición das súas cifras | CMCT CAA CMCT | 1ª 2ª 1ª | Observación de producións Rexistro de tarefas diarias Probas escritas Observación de producións Rexistro de tarefas diarias Probas escritas |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Procedementos de avaliación |
|------|---|-------------------------|---|---|-------------------------------------|-------------------------------|---|
| b | B1.10. Expresión e produción de textos orais segundo a súa tipoloxía: narrativos, descritivos, argumentativos, expositivos, instrutivos, informativos e persuasivos. | B1.9. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos. | LCB1.9.1. Reproduce comprensiblemente textos orais breves e sinxelos imitando modelos e axustándose á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa | Expresase de forma coherente axustándose á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa. | CCL | 1ª 2ª 3ª | Observación |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|-------------|---|---|--|--|----------------------------|----------------|--------------------------------------|
| | | | (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos). | | | | |
| | | | LCB1.9.2. Recorda algunhas ideas básicas despois de escoitar un texto e exprésaa oralmente en resposta a preguntas directas. | Responde a preguntas despois de escoitar un texto. | CCL CCA | 1ª 2ª 3ª | Observación |
| | | | LCB1.9.3. Organiza e planifica o discurso axeitándose á situación de comunicación e aos diferentes modos discursivos (narrar, describir, informarse e dialogar) empregando os recursos lingüísticos pertinentes. | Organiza e planifica o discurso segundo á situación de comunicación | CCL CAA CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Observación |
| a b e | B1.11. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participación en enquisas e entrevistas. Comentario oral e xuízo persoal. | B1.10. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar activamente, recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo coa súa idade. | LCB1.10.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, participación en enquisas e entrevistas, emisión de xuízo persoal. | Participa e emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender. | CCL CAA CSC CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Observación |
| b d e | B1.11. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participación en enquisas e entrevistas. Comentario oral e xuízo persoal. | B1.11. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de doutras persoas. | LCB1.11.1. Resume entrevistas, noticias e debates infantís... procedentes da radio, televisión e da internet. | Resume información procedente de varios medios. | CCL CD CAA CSC | 1ª 2ª 3ª | Observación Análise de producións |
| | | | LCB1.11.2. Transforma en noticias feitos cotiáns próximos á súa realidade, axustándose á | Expresa feitos cotiáns próximos en forma de noticias. | CCL CSC | 1ª 2ª 3ª | Observación |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|--|---|--|---|--|---------------------|----------------|----------------------------|
| | | | estrutura e linguaxe propios do xénero e imitando modelos. | | | | |
| | | | LCB1.11.3. Realiza entrevistas e reportaxes sobre temas do seu interese, seguindo modelos. | Realiza seguindo distintos modelos entrevistas e reportaxes. | CCL CAA CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Observación de producións |
| | | | LCB1.11.4. Prepara, seguindo modelos, reportaxes sobre temas de seu interese. | Prepara seguindo distintos modelos reportaxes. | CCL CAA CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Observación de producións |
| BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER | | | | | | | |
| e | B2.1. Consolidación do sistema de lecto-escritura. B2.2. Lectura en voz alta de distintos tipos de texto. | B2.1. Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada. | LCB2.1.1. Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada. | Le textos con precisión, velocidade e fluidez en voz alta, adaptados á súa idade. | CCL | 1ª 2ª 3ª | Observación |
| | | | LCB2.1.2. Descodifica con precisión e rapidez todo tipo de palabras. | Le con precisión todo tipo de palabras. | CCL | 1ª 2ª 3ª | Observación |
| e | B2.3. Comprensión de textos, en voz alta e en silencio, segundo o seu tipoloxía. B2.4. Audición de diferentes tipos de textos. | B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta. | LCB2.2.1. Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos de diferente tipoloxía, do ámbito escolar e social, a partir da lectura dun texto en voz alta. | Comprende o sentido global dun texto oral identificando a idea principal e a secundaria. | CCL CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación de producións |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|------|---|---|---|---|------------|----------------|--------------------------------------|
| | | | LCB2.2.2. Comprende, con certo grado de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos). | Comprende diferentes tipos de textos dependendo á forma da mensaxe. | CCL CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación |
| e | B2.5. Lectura, en silencio, e comprensión de distintos tipos de texto. | B2.3. Ler en silencio diferentes textos valorando o progreso na velocidade e a comprensión. | LCB2.3.1. Le en silencio coa velocidade adecuada textos de diferente complexidade. | Le en silencio coa velocidade adecuada. | CCL | 1ª 2ª 3ª | Observación |
| | | | LCB2.3.2. Realiza lecturas en silencio resumindo con brevidade os textos lidos. | Resume textos das lecturas silenciosas. | CCL | 1ª 2ª 3ª | Observación Análise de producións |
| e | B2.6. Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto. | B2.4. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos. | LCB2.4.1. Capta o propósito de diferentes tipoloxía textuais. Identifica as partes da súa estrutura organizativa, analiza a súa progresión temática. | Capta o propósito de diferentes tipoloxías textuais. | CCL CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación Análise de producións |
| | | | LCB2.4.2. Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de texto. | Realiza resumos e identifica os elementos dos textos lidos. | CCL CAA | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|------|--|--|--|--|--------------------|----------------|--------------------------------------|
| | | | LCB2.4.3. Recoñece algúns mecanismos de cohesión en diferentes tipos de texto. | Recoñece algúns elementos de cohesión nun texto. | CCL | 1ª 2ª 3ª | Observación |
| | | | LCB2.4.4. Elabora esquemas a partir de textos expositivos. | Elabora esquemas a partir de textos expositivos. | CCL | 1ª 2ª 3ª | Observación Análise de producións |
| e | B2.7. Comprensión de textos segundo a súa tipoloxía. | B2.5. Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole. | LCB2.5.1. Interpreta o valor do título e as ilustracións. | Recoñece o valor do título e as ilustracións | CCL CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación |
| | | | LCB2.5.2. Marca as palabras clave dun texto que axudan á comprensión global. | Destaca as palabras claves dun texto. | CCL CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación Análise de producións |
| | | | LCB2.5.3. Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto. | Comprende textos axudándose de coñecementos previos. | CCL CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación |
| | | | LCB2.5.4. Realiza inferencias e formula hipóteses. | Formula hipóteses. | CCL CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación Análise de producións |
| | | | LCB2.5.5. Comprende a información contida nos gráficos, establecendo relacións coa información que aparece no texto relacionada con estes. | Interpreta a información dos gráficos e relaciónaa coa dos textos. | CCL CMCT CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación Análise de producións |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|-------------|---|--|---|--|--|--------------------------------------|--------------------------------|
| | | | LCB2.5.6. Interpreta esquemas de chave, números, mapas conceptuais sinxelos. | Interpreta distintos tipos de gráficos e esquemas. | CCL CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación de producións |
| e | B2.8. Gusto pola lectura. Hábito lector. Lectura de diferentes textos como fonte de información, de deleite e de diversión. B2.9. Selección de libros segundo o gusto persoal. B2.10. Lectura dos libros establecidos no Plan lector. | B2.6. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos. | LCB2.6.1. Ten programado un tempo semanal para ler diferentes textos. LCB2.6.2. Le voluntariamente textos propostos polo mestre ou mestra. | Ten un tempo fixo para ler. Mostra interese polos textos propostos | CCL CAA CSIEE CCL CAA CSIEE | 1ª 2ª 3ª 1ª 2ª 3ª | Observación Observación |
| b e i | B2.11. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe | B2.7. Utilizar textos científicos en diferentes soportes para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicarlos en traballos persoais. | LCB2.7.1. Consulta diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información para realizar traballos individuais ou en grupo. | Emprega para realizar traballos diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático | CCL CD CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación de producións |
| a b e | B2.12. Identificación e valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto. | B2.8. Concentrarse en entender e interpretar o significado dos textos lidos. | LCB2.8.1. Deducer o significado de palabras e expresións con axuda do contexto. LCB2.8.2. Comprende textos xornalísticos e publicitarios. Identifica a súa intención comunicativa. Diferenza entre información, opinión e publicidade. | Recoñece o significado de palabras e expresións con axuda do contexto. Diferenza e entende os textos xornalísticos e publicitarios. | CCL CAA CCL CAA CSC | 1ª 2ª 3ª 1ª 2ª 3ª | Observación Observación |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|-------|---|---|---|---|------------------------------------|--------------------------------------|--|
| | | | LCB2.8.3. Infere, interpreta e formula hipótese sobre o contido. Sabe relacionar os elementos lingüísticos cos non lingüísticos nos diferentes tipos de textos. | Relaciona os elementos lingüísticos cos non lingüísticos nos diferentes textos. | CCL CAA CSC | 1ª 2ª 3ª | Competencia oral Observación de producións Análise de producións |
| | | | LCB2.8.4. Establece relación entre as ilustracións e os contidos do texto, presenta hipóteses, realiza predicións, e identifica na lectura o tipo de texto e a intención. | Recoñece a relación entre as ilustracións e os contidos. | CCL CMCT CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación de producións Análise de producións |
| | | | LCB2.8.5. Interpreta a linguaxe figurada, metáforas, personificacións, hipérbolos e xogos de palabras en textos publicitarios. | Interpreta en textos publicitarios distintas figuras literarias. | CCL CCEC | 1ª 2ª 3ª | Competencia oral Observación de producións Análise de producións |
| a e i | B2.13. Uso guiado das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información. B2.12. Identificación e valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto. | B2.9. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información. | LCB2.9.1. Utiliza os medios informáticos para obter información. LCB2.9.2. Interpreta a información e fai un resumo da mesma. | Fai uso de medios informáticos para obter información. Interpreta e fai resumo da información. | CCL CD CAA CCL CAA | 1ª 2ª 3ª 1ª 2ª 3ª | Observación de producións Análise de producións Observación de producións Análise de producións |
| e | B2.8. Gusto pola lectura. Hábito lector. Lectura de diferentes textos | B2.10. Desenvolver o Plan lector que dea resposta a unha planificación | LCB2.10.1. Utiliza a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, | Localiza na biblioteca con autonomía un libro. | CCL CAA CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Observación |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|---|--|--|---|--|-----------------------------|----------------|--|
| | como fonte de información, de deleite e de diversión. B2.11. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe. B2.14. Lectura dos libros establecidos no Plan lector. | sistemática de mellora da eficacia lectora e fomento o gusto pola lectura. | aplicando as normas de funcionamento da mesma. | | | | |
| | | | LCB2.10.2. Expón os argumentos de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora, editorial, xénero ou ilustracións. | Empregan nos argumentos referencias bibliográficas . | CCL CAA CCEC | 1ª 2ª 3ª | Observación de producións |
| | | | LCB2.10.3. Selecciona lecturas con criterio persoal e expresa o gusto pola lectura de diversos xéneros literarios como fonte de lecer manifestando a súa opinión sobre os textos lidos. | Mostra autonomía e gusto pola lectura de diversos xéneros literarios. | CCL CAA CSIEE CCEC | 1ª 2ª 3ª | Observación de producións |
| BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR | | | | | | | |
| e | B3.1. Producción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades: atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos). B3.2. Cohesión do texto: enlaces, substitucións léxicas, | B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas cuidando a caligrafía, orde e presentación. | LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes, | Escribe textos, en diferentes ámbitos e empregando distintos soportes: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos | CCL CD CAA | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións Probas escritas |
| | | | LCB3.1.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as | Escribe textos usando o rexistro | CCL CAA | 1ª 2ª | Análise de producións |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|------|--|--|---|--|---------------------|----------------|---------------------------------|
| | mantemento do tempo verbal e puntuación. B3.3. Aplicación das normas ortográficas e signos de puntuación (punto e coma, guión, dous puntos, raia, signos de entoación, parénteses, etc). Acentuación. B3.4. Orde e presentación. | | ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas. | adecuado e presentado as ideas con claridade e con corrección gramatical e ortográfica. | | 3ª | |
| | | | LCB3.1.3. Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero, seguindo modelos, encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escritura. | Escribe textos de forma creativa adecuando a linguaxe ás características do xénero. | CCL CCA CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Observación de producións |
| e | B3.5. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, estrutura...). B3.6. Revisión e mellora do texto. B3.7. Realización de ditados. | B3.2. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoos para melloralos e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas. | LCB3.2.1. Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal e do ámbito escolar, recollendo as ideas principais, evitando parafrasear o texto e utilizando unha expresión persoal. | Resume con expresión persoal o contido de textos de diferentes ámbitos recollendo as ideas principais. | CCL CAA CCEC | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións |
| | | | LCB3.2.2. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel. | Aplica correctamente os signos de puntuación e as regras de ortografía. | CCL CAA | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións |
| | | | LCB3.2.3. Reproduce textos ditados con corrección. | Escribe con corrección ao ditado. | CCL | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións Probas |
| | | | LCB3.2.4. Emprega estratexias de procura e selección da información: tomar notas, elaborar | Selecciona información | CCL CD CAA | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|--------|---|--|---|---|-----------------------------------|----------------|----------------------------|
| | | | esquemas, guións, borradores e mapas conceptuais. | empregando estratexias. | CSIEE | | |
| e | B3.3. Aplicación das normas ortográficas e signos de puntuación (punto e coma, guión, dous puntos, raia, signos de entoación e parénteses).Acentuación. | B3.3. Utilizar o dicionario como recurso para resolver dúbidas sobre a lingua, o uso ou a ortografía das palabras. | LCB3.3.1. Utiliza habitualmente o dicionario, en papel e en liña, no proceso de escritura. | Utiliza o dicionario no proceso de escritura. | CCL CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación |
| a e | B3.8. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómic. | B3.4. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área. | LCB3.4.1. Elabora gráficas a partir de datos seleccionados e organizados procedentes de diferentes textos (libros de consulta, xornais e revistas). | Elabora gráficas organizando os datos procedentes de diferentes textos. | CCL CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación |
| | | | LCB3.4.2. Presenta un informe de forma ordenada e clara, utilizando soporte papel e informático, sobre problemas ou situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións. | Presenta en soporte papel e informático, un informe de forma ordenada e clara. | CCL CD CAA CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións |
| | | | LCB3.4.3. Elabora un informe seguindo un guión establecido que supoña a procura, selección e organización da información de | Elabora seguindo un guión informes de carácter científico, xeográfico ou histórico. | CCL CD CAA CSIEE CCEC | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|--------|---|--|--|--|---------------------|----------------|---|
| | | | textos de carácter científico, xeográfico ou histórico. | | | | |
| e | B3.2. Cohesión do texto: enlaces, substitucións léxicas, mantemento do tempo verbal, puntuación. | B3.5. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando canles que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética. | LCB3.5.1. Pon interese e esfórzase por escribir correctamente de forma persoal. | Mostra interese por escribir con corrección e de forma autónoma | CCL CAA | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións |
| a e | B3.8. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómic. | B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos. | LCB3.6.1. Expresa, por escrito, opinións, reflexións e valoracións argumentadas e usa, de xeito habitual, unha linguaxe non sexista. | Escribe de forma non sexista expresando a súa opinión, reflexións e valoracións. | CCL CAA | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións |
| e | B3.9. Producción de textos segundo o Plan de escritura. | B3.7. Levar a cabo o plan de escritura que de resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia escritora e fomenta a creatividade. | LCB3.7.1. Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora. - Determina con antelación como será o texto, a súa extensión, o tratamento autor/a-lector/a e a presentación. - Adapta a expresión á intención, tendo en conta ao interlocutor e o asunto de que se trata. - Presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión e orde os escritos. - Reescribe o texto. | Escribe textos de forma planificada e organizada, seguindo uns pasos e presentándoos con claridade, precisión e limpeza. | CCL CAA CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións Probas específicas |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|--|---|---|--|--|------------------|----------------|---|
| | | | LCB3.7.2. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. | Valora positivamente as súas produción e dos compañeiros. | CCL CSC | 1ª 2ª 3ª | Observación |
| b e i | B3.8. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómic. B3.9. Produción de textos segundo o Plan de escritura. | B3.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións. | LCB3.8.1. Usa con eficacia Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, crear táboas e gráficas. | Emprega as tecnoloxías e internet para buscar información, crear táboas, escribir e presentar textos | CCL CD CAA | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións |
| BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA | | | | | | | |
| e | B4.1. A palabra. B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras e explicación reflexiva do seu uso en situacións concretas de comunicación (nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, conxunción, pronomes, artigos, interxeccións). B4.3. Conxugación dos verbos regulares e irregulares máis frecuentes. | B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz. | LCB4.1.1. Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións. | Identifica as categorías gramaticais pola súa función na lingua. | CCL | 2ª 3ª | Observación Análise de producións |
| | | | LCB4.1.2. Conxuga e usa con corrección todos os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo de todos os verbos. | Conxuga os verbos e usa con corrección todos os tempos simples e compostos | CCL | 2ª 3ª | Observación Análise de producións Probos escritas |
| | | | LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras. | Diferenza familias de palabras | CCL | 2ª 3ª | Análise de producións |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|------|--|---|---|---|---------------------------------|--|--|
| | | | | | | | Probas escritas |
| e | B4.4. Vocabulario: sinónimos e antónimos, palabras polisémicas e homónimas, arcaísmos, estranxeirismos e neoloxismos. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivos e verbos. Recursos derivativos: prefixos e sufixos na formación de nomes, adxectivos e verbos. Siglas e abreviaturas. B4.5. Recoñecemento e observación reflexiva dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado. B4.6. Recoñecemento e uso dalgúns conectores textuais (de orde, contraste e explicación) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (substitucións pronominais) coma léxicos (elipses e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos). | B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua. | LCB4.2.1. Identifica e usa sinónimos e antónimos, palabras polisémicas e homónimas, arcaísmos, estranxeirismos e neoloxismos, frases feitas, siglas e abreviaturas. LCB4.2.2. Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas. LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto. LCB4.2.4. Recoñece e usa os conectores básicos entre oracións: causa, consecuencia, finalidade... LCB4.2.5. Identifica as oracións como unidades de significado completo. Recoñece a oración simple, diferencia suxeito e predicado. | Identifica e utiliza as palabras dependendo da súa relación semántica Recoñece palabras compostas, prefixos, sufixos e derivadas Identifica e clasifica nun texto os diferentes tipos de palabras Utiliza na oración os conectores básicos Identifica na oración simple o suxeito e predicado | CCL CCL CCL CCL CCL | 1ª 2ª 3ª 2ª 3ª 1ª 2ª 3ª | Análise de producións Probas escritas Análise de producións Probas escritas Análise de producións Probas escritas Análise de producións Probas escritas |
| e | B4.7. Uso eficaz do dicionario para ampliación de vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical. | B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. | LCB4.3.1. Recoñece a estrutura do dicionario e tipos de dicionario, en diferentes soportes e úsaos para | Recoñece a estrutura e os tipos de dicionarios en diferentes soportes e úsaos para | CCL CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|------|---|---|---|--|------------|----------------|----------------------------|
| | | | buscar o significado de calquera palabra (derivadas e sinónimas). | buscar o significado de palabras | | | |
| | | | LCB4.3.2. Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre as varias que lle ofrece o dicionario. | Recoñece a acepción correcta dependendo do contexto | CCL CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación |
| | | | LCB4.3.3. Recoñece e usa correctamente as normas ortográficas nas súas producións escritas. | Escribe empregando correctamente as normas de ortografía | CCL | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións |
| e | B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras e explicación reflexiva do seu uso en situacións concretas de comunicación (nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, conxunción, pronomes, artigos, interxeccións). B4.8. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Regras de acentuación. B4.9. Clases de nomes: comúns, propios, individuais, colectivos, concretos e abstractos. B4.10. Utilización adecuada dos signos de puntuación. | B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua. | LCB4.4.1. Sinala as características que definen ás diferentes clases de palabras e nomes: clasificación e uso para construír o discurso nos diferentes tipos de producións. | Identifica as características que definen ás diferentes clases de palabras | CCL | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións |
| | | | LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. | Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número | CCL | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións |
| | | | LCB4.4.3. Aplica correctamente as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto. | Clasifica as palabras e aplica correctamente as normas de acentuación | CCL | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|--|---|---|--|---|------------------|-----------------------|----------------------------|
| | B4.11. As relacións gramaticais. Recoñecemento e explicación reflexiva das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal. | | LCB4.4.4. Usa con corrección os signos de puntuación. | Escribe empregando correctamente os signos de puntuación | CCL | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións |
| LCB4.4.5. Aplica as normas do uso da til. | | | Aplica as normas do uso da til | CCL | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións | |
| LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe adecuada nas producións escritas propias. | | | Escribe cunha sintaxe adecuada | CCL | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións | |
| e i | B4.12. Utilización de material multimedia educativo e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade. | B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe. | LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe. | Utiliza distintos programas educativos dixitais | CCL CD CAA | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións |
| d e i o | B4.13. As variedades da lingua. B4.14. Coñecemento xeral de realidade plurilingüe de España e a súa valoración como fonte de enriquecemento persoal e como unha mostra da riqueza do noso patrimonio histórico e cultural. | B4.6. Coñecer a variedade lingüística de España e do español como fonte de enriquecemento cultural. Mostrar respecto tanto cara ás linguas e dialectos que se falan en España, como cara ao español de América. | LCB4.6.1. Valora a variedade lingüística de España e o español de América. | Valora a variedade lingüística | CCL CSC | 1ª 2ª 3ª | Observación |
| | | | LCB4.6.2. Recoñece e identifica algunhas das características relevantes (históricas, socioculturais, xeográficas e lingüísticas) das linguas oficiais en España. | Recoñece e identifica algunhas das características das linguas oficiais en España | CCL CSC | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|--------------------------------------|---|---|---|---|--------------------------------|--------------------------------------|---|
| BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA | | | | | | | |
| d e | B5.1. Valoración dos textos literarios como vehículo de comunicación e como fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal. | B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información e considerala como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia. | LCB5.1.1. Recoñece e valora as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos. | Identifica e valora as características de diferentes textos | CCL CCEC | 1ª 2ª 3ª | Observación |
| d e | B5.2. Distinción entre conto e lenda. Coñecemento de lendas españolas e doutros países. B5.3. Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. B5.4. Lectura comentada de poemas, relatos e obras teatrais. B5.5. Identificación de recursos literarios. | B5.2. Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria (metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras), e diferenciar as principais convencións formais dos xéneros. | LCB5.2.1. Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. LCB5.2.2. Interpreta a linguaxe figurada, metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras en textos literarios. | Realiza lecturas guiadas de textos variados Recoñece o significado de diferentes recursos literarios | CCL CCEC CCL CAA | 1ª 2ª 3ª 1ª 2ª 3ª | Observación Análise de producións |
| d e | B5.5. Identificación de recursos literarios. | B5.3. Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns ou adiviñas. | LCB5.3.1. Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas LCB5.3.2. Utiliza comparacións, metáforas, aumentativos, diminutivos e sinónimos en textos literarios. | Recoñece algúns recursos propios dos poemas Utiliza comparacións, metáforas, aumentativos, | CCL CCEC CCL CCEC | 2ª 3ª 1ª 2ª 3ª | Análise de producións Probas escritas Análise de producións |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|-------|--|--|---|--|---|--------------------------------------|---|
| | | | | diminutivos e sinónimos en textos literarios | | | |
| d e i | B5.6. Creación de textos literarios en prosa ou en verso, valorando o sentido estético e a creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro. | B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais. | LCB5.4.1. Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións. | Escribe textos literarios seguindo unhas pautas e empregando distintos recursos lingüísticos | CCL CAA CSIEE CCEC | 1ª 2ª 3ª | Análise de producións |
| a d e | B5.7. Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados. B5.8. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios. | B5.5. Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias ou dos compañeiros, utilizando adecuadamente os recursos básicos dos intercambios orais e da técnica teatral. | LCB5.5.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios apropiados ou adecuados á súa idade e de textos de produción propia. LCB5.5.2. Memoriza e reproduce textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións, refráns e adiviñas. | Realiza dramatizacións de textos literarios Memoriza e reproduce textos orais | CCL CAA CSC CCEC CCL CAA CCEC | 1ª 2ª 3ª 1ª 2ª 3ª | Observación Observación Análise de producións |
| b o | B5.9. Valoración da literatura en calquera lingua (majoritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | LCB5.7.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | Aprecia a literatura en calquera lingua especialmente o galego | CCL CSC CCEC | 1ª 2ª 3ª | Observación |

4.2.2. Temporalización

| | | |
|---|--------------------|-------------------------|
| PRIMEIRO TRIMESTRE 10 setembro-22 decembro | Avaliación inicial | 11-09-2020 / 16-09-2020 |
| | TEMA 1 | 17-09-2020 / 1-10-2020 |
| | TEMA 2 | 2-10-2020 / 19-10-2020 |
| | TEMA 3 | 20-10-2020 / 3-11-2020 |
| | TEMA 4 | 4-11-2020 / 18-11-2020 |
| | TEMA 5 | 19-11-2020 / 3-12-2020 |
| | TEMA 6 | 4-12-2020 / 22-12-2020 |
| SEGUNDO TRIMESTRE 8 xaneiro-26 marzo | TEMA 7 | 8-01-2021 / 22-01-2021 |
| | TEMA 8 | 25-01-2021 / 5-02-2021 |
| | TEMA 9 | 8-02-2021 / 24-02-2021 |
| | TEMA 10 | 25-02-2021 / 8-03-2021 |

| | | |
|--|---------|---------------------------|
| TERCEIRO TRIMESTRE 6 abril- 22 xuño | TEMA 11 | 9-03-2021 / 26-03-2021 |
| | TEMA 12 | 6-04-2021 / 23-04-2021 |
| | TEMA 13 | 26-04-2021 / 10-05-2021 |
| | TEMA 14 | 11-05-2021 / 31- 05 -2021 |
| | TEMA 15 | 1-06-2021 / 22-06-2021 |

4.1.3. Concrecións metodolóxicas

A **metodoloxía** que se vai empregar procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizador, e na medida das posibilidades lúdico e motivador. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais. Promoveremos un enfoque interdisciplinar das materias e unha aprendizaxe activa, na que o alumno sexa quen de construír a súa propia aprendizaxe, que se desenvolverá nun ambiente que promoverá o traballo cooperativo, fomentando a aprendizaxe entre iguais. Esta técnica debido a heteroxeneidade do grupo, consideramos que será óptima para tentar salvar as diferenzas, formamos grupos de base heteroxéneos de 4 membros como máximo; nas áreas de matemáticas, linguas, ciencias naturais, sociais, valores e plástica, traballaremos deste xeito o máximo de tempo, e nas demais áreas nas actividades que o permitan. Ao comezo de curso

atendiendo ás suxerencias do protocolo Covid-19 para os centros educativos, estarán dispostos en filas de un, pero non descartamos a formación de grupos ao longo do curso si as circunstancias o permiten.

O desenvolvemento de proxectos en torno as materias de estudo serán promovidos como elementos enriquecedores e altamente motivadores e por ser o xeito de afianzar as competencias clave. Tentarase que as tarefas que se desenvolvan vaian orientadas á resolución de problemas da vida real. Na medida das posibilidades empregaranse recursos da rede e as achegas que as TIC fan ao mundo escolar, conscientes de que ese será o mundo no que se moverán os nosos alumnos. Daquela tentaremos desenvolver un espírito crítico con respecto delas, explotando as súas posibilidades pero facendo un uso axeitado e seguro das mesmas. Atenderemos aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, e promoveremos unha educación inclusiva. A lectura e a súa promoción terá un tratamento específico dentro da aula.

4.1.4. Materiais e recursos didácticos

Libros de texto, revistas, láminas de observación, material de debuxo (regra, cartabón, escuadra, compás...), produtos naturais, fichas de reforzo e ampliación. Vídeos, ordenador, tablet, pizarra dixital, aula virtual, encerado, mapas, aula de informática, biblioteca, saídas...

4.1.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado

AVALIACIÓN INICIAL

Ao comezo do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizarase unha avaliación inicial da área incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado na materia e o grao de desenvolvemento das competencias básicas.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Ademáis do informe AL-35 de final de curso que nos servirá de orientación para a toma de decisións á hora de priorizar a orde dos temas a impartir.

Será de gran importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo a fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

AVALIACIÓN CONTINUA

A avaliación será continua e formativa , tratando de atender a todo o proceso de ensino aprendizaxe, coa observación e seguimento do alumno:

- Recollida periódica do caderno.

- Actividades realizadas en clase ou na casa que se recollerán para avaliar de maneira individualizada: exercicios, resumes, esquemas e mapas conceptuais
- Exposicións orais, traballos, informes..
- Traballos en grupo

Estableceranse as medidas mais adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tendo en conta as directrices marcadas pola orientadora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

AVALIACIÓN FINAL

1.Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis.

2. Avaliaranse as aprendizaxes do alumnado mediante os indicadores de logro.

Serán os métodos que imos empregar na avaliación dos nosos alumnos. Os procedementos empregados son:

- Observación sistemática de clase: Mediante a observación detectaremos as dificultades e carencias dos nosos alumnos mentres se desenvolve o proceso de ensino-aprendizaxe, o que nos facilitará paliarlas sobre a marcha e evitar que se agraven aínda máis.

- Análise das produción dos alumnos/as: A través da análise das producións poderemos avaliar non só os coñecementos referentes a unidade didáctica que se está desenvolvendo nese intre, senón tamén a evolución da expresión e ortografía.

Entre as producións, realizarán pequenos traballos de investigación e traballos en grupo que serán convenientemente avaliados.

- Intercambios orais cos alumnos: Este procedemento permitiranos avaliar os coñecementos conceptuais, pero tamén os procedementos e actitudes (petición de palabra, respecto ás opinións dos demais...)

- Probas específicas: Entenderemos por estas non só a realización de exames senón tamén a resolución de exercicios e traballos remitidos polo mestre. Así mesmo, inclúese a avaliación da lectura nas áreas de Linguas a través da observación da lectura colectiva diaria.

- Participación e actitude: Ao conceder a programación tanta importancia á motivación, consideramos fundamental a participación de todos os alumnos/as na aula.

- Lectura: No CEIP Feliciano Barrera a lectura é considerada coma unha das mellores maneiras de perfeccionar a competencia lingüística do alumnado, neste senso farase especial fincapé nesta práctica, para iso contamos con 20 minutos de lectura diarios.

Instrumentos

Con respecto aos instrumentos empregados para a avaliación utilízanse: escalas de observación, probas orais, probas escritas e análise das producións, traballos en grupo, traballos de investigación individuais...

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Durante o curso realizarase unha proba ao remate de cada tema ou de cada dous, na que se valorará a adquisición das competencias clave e o nivel de logro.

As notas de observación na clase basearanse no caderno de actividades do alumno e na carpeta, que comezará a realizalas na aula e rematará na casa senón rematou.

Considéranse aspectos actitudinais os relacionados co traer o material, esforzo... así como as habilidades sociais (non interrupción na clase, participación, respecto da quenda de palabra...)

Co fin de valorar obxectivamente as aprendizaxes do alumnado establécense os seguintes *criterios de cualificación*:

- Probas obxectivas (exames escritos ou orais; traballos individuais ou colectivos, exposicións,...) = 70%

- Trabajo diario (talleres, ejercicios, deberes, caderno de clase –orde, limpeza, caligrafía,..) e actitude (interese pola área, esforzo, atención, participación,..) = 30%

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, suficiente(SU), ben(BE), notable(NT) ou sobresaliente(SB) para as cualificacións positivas. A estes termos engadiráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

Os resultados da avaliación **das competencias clave** reflectiranse na acta de avaliación final de cada curso, expresándose nos termos de «Insuficiente (IN)», para as cualificacións negativas, e «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)», para as cualificacións positivas. Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as

áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente. A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.

O alumno ou a alumna accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Nas sesións de avaliación tomaranse medidas para o reforzo educativo daqueles alumnos/as que non acaden un desempeño axeitado.

4.1.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

Como primeiro paso analizaranse as actas finais do curso anterior do grupo de alumnos e os informes individualizados dos mesmos. Ao comezo do curso realizaranse probas no marco da primeira quincena de clases, durante o mes de setembro, para avaliar o estado dos coñecementos do alumnado e marcarnos o punto de partida do noso traballo. Estas probas faranse tendo en conta os estándares do curso anterior. Os instrumentos de avaliación serán fundamentalmente listaxes de control e listas de verificación, e a análise da actividade desenvolvida na aula. Recollidos os datos da avaliación inicial determinaranse aqueles estándares que requiran dun tratamento máis intenso de cara a garantir un aproveitamento axeitado do curso.

4.2.7. Criterios de avaliación e estándares mínimos en caso de actividade lectiva non presencial

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| B2.1. Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación Adecuada. | LCB2.1.1. Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada. |
| a m | B3.8. Os dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. A análise de feitos discriminatorios: maltrato. Exclusión de minorías étnicas, os campos de concentración, o holocausto. Os dereitos e deberes do alumnado. | B3.6. Crear un sistema de valores asumindo os dereitos e deberes do alumnado, realizando xuízos morais de situacións escolares e resolvendo dilemas morais con supostos prácticos. | VSCB3.6.1. Realiza xuízos morais de situacións escolares. | Elabora xuízos morais ou de opinión en relación a diferentes condutas ou situacións da vida cotiá e xustifícaos mediante argumentos sinxelos | CSC CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Observación Análise das producións |
| | | | VSCB3.6.2. Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas. | | CSC CSIEE | | |
| d o | | B3.7. Comprender o que é un dilema moral e resolver dilemas | VSCB3.7.1. Expresa o que é un dilema moral. | Elabora xuízos morais o de opinión e xustifícaos | CSC CCL | 1ª 2ª | Observación |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|-------------|--|---|--|---|--|----------------|----------------------------|
| | B3.9. Conceptualización do dilema moral. Resolución de dilemas morais. | morais para detectar prexuízos relativos ás diferenzas culturais. | VSCB3.7.2. Realiza xuízos morais. VSCB3.7.3. Analiza e resolve dilemas morais en situacións reais e simuladas. VSCB3.7.4. Resolve dilemas morais en relación a prexuízos relativos ás diferenzas culturais. | mediante argumentos sinxelos Argumenta a súa opinión ou a súa forma de actuar a partir dos seus propios valores persoais con xustificacións lóxicas, coherentes e precisas | CSC CSIEE CSC CSIEE CSC CSIEE | 3ª | Análise das producións |
| a d o | B3.10. Convivencia pacífica en sociedade e valores nos que se apoia: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, compromiso, cooperación e cultura de paz. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a convivencia e o benestar dos grupos sociais. B3.11. Formas de discriminación: racismo, | B3.8. Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do contorno social. | VSCB3.8.1. Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades... VSCB3.8.2. Analiza feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, reclusión en campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade. | Identifica situacións nas que existe discriminación e reflexiona sobre as posibles causas. | CSC CSIEE CSC CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Observación das producións |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|--------|---|--|--|---|--------------|----------------|----------------------------|
| | <p>xenofobia, desigualdade de oportunidades.</p> <p>B3.12. Feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade. Análise destes feitos.</p> | | VSCB3.8.3. Detecta prexuízos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar. | Realiza unha análise sobre os roles de xénero e os estereotipos | CSC CSIEE | 3ª | Observación das producións |
| d a | <p>B3.13. Dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e de opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.</p> <p>B3.14. Sensibilidade e respecto polos costumes, valores morais e modos de vida distintos aos propios.</p> | B3.9. Expresar a relevancia de preservar os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión realizando traballos de análise e síntese. | VSCB3.9.1. Valora e respecta a libre expresión. | Ten en conta as opinións, argumentos e puntos de vista doutras persoas para aprender ou reflexionar sobre as súas propias opinións | CSC | 1ª 2ª 3ª | Observación das producións |
| | | | VSCB3.9.2. Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias. | Préstalles atención ás intervencións dos demais, intentando comprender a mensaxe transmitida e valorando as opinións diferentes como elemento enriquecedor. | CSC | 1ª 2ª 3ª | Observación das producións |
| | | | VSCB3.9.3. Relaciona diferentes culturas e relixións coas formas de pensamento de persoas pertencentes a elas. | Valora positivamente a diversidade cultural e as diferenzas entre persoas e comprende que a cultura ou | CSC CSIEE | 1ª | Observación das producións |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|--------|---|--|--|---|---------------------|-------------|--|
| | | | VSCB3.9.4. Analiza, reflexiona e expresa conclusións sobre os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. | a relixión inflúe nos pensamentos das persoas. | CSC CSIEE CCL | | |
| d m | B3.15. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá. | B3.10. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres. | VSCB3.10.1. Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres. | Valora criticamente mensaxes sexistas de anuncios publicitarios e identifica os roles representados | CSC CSIEE | 1º 2ª | Observación Análise das producións |
| a | B3.16 Os valores sociais e a democracia. Os principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española. Dereitos e deberes. | B3.11. Respetar os valores socialmente recoñecidos, coñecendo e apreciando os valores do Estatuto de autonomía e da Constitución española e os dereitos e deberes do Estatuto de autonomía e da Constitución | VSCB3.11.1. Axuíza criticamente os valores implícitos en diversas situacións, de acordo cos que constitúen a vida en común nunha sociedade democrática. | | CSC CSIEE | | |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|--------|---|--|---|--|---------------------|----------------------------|----------------------------|
| | Características que debe posuír unha sociedade democrática. | española. Coñecer as institucións, organizacións e servizos públicos que garanten os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás no seu contorno. | VSCB3.11.2. Razona a contribución de diferentes institucións, organizacións e servizos públicos en relación á garantía dos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás. | | CSC CCL | | |
| a o | B3.17. Principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española. | B3.12. Crear un sistema de valores propios realizando xuízos morais baseados nos dereitos e deberes básicos do Estatuto de autonomía e da Constitución española. | VSCB3.12.1. Explica os dereitos e deberes básicos da Constitución española. | Elabora xuízos de opinión e xustifícaaos mediante argumentos sinxelos | CSC CCL | 3ª | Observación das producións |
| | | | VSCB3.12.2. Realiza xuízos morais sinxelos fundamentados. | | CSC CSIEE | | |
| | | | VSCB3.12.3. Participa no benestar do contorno próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás. | Coñece e respecta os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás | CSC CSIEE | Observación das producións | |
| a e | B3.18. Os servizos públicos e bens comúns. Defensa, identificación, aprecio, respecto e coidado dos bens comúns e dos | B3.13. Comprender a importancia da contribución dos cidadáns e cidadás aos servizos públicos e aos | VSCB3.13.1. Comprende, valora e expón por escrito o deber da contribución cidadá ao ben da sociedade. | Reflexiona sobre a responsabilidade dos cidadáns de contribuír ao ben da sociedade | CSC CCL CSIEE | 3ª | Observación das producións |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|-------------|--|---|---|---|-----------------------------------|-------------|----------------------------|
| | servizos públicos: contribución da cidadanía a través dos impostos. A responsabilidade social. A xustiza social. | bens comúns a través dos impostos realizando razoamentos críticos. | VSCB3.13.2. Explica a función dos impostos de proporcionar recursos sociais que melloran a calidade de vida dos cidadáns e cidadás. | Comprende a correlación entre os impostos que deben pagar os cidadáns e os servizos públicos aos que teñen dereito. | CSC CCL | 3ª | Observación das producións |
| | | | VSCB3.13.3. Realiza producións creativas sobre as consecuencias de non pagar impostos. | Reflexiona sobre os efectos negativos de non pagar impostos a nivel individual e a nivel colectivo e exprésao mediante argumentos creativos | CSC CCEC CD CCL CSIEE | 3ª | Observación das producións |
| h g o | B3.19 Fontes de enerxía renovables e non renovables. Identificación das actitudes e estratexias individuais e colectivas de consumo enerxético responsable. B3.20. Rutinas individuais para mellorar a calidade de vida. Reflexión sobre as posibilidades de cambio. B3.21. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar e | B3.14. Valorar o uso responsable das fontes de enerxía no planeta concienciándose do respecto ao contorno e desenvolvendo a capacidade crítica cara aos acontecementos que o modifican. | VSCB3.14.1. Toma conciencia da limitación dos recursos enerxéticos e explica as consecuencias do esgotamento das fontes de enerxía. | Amosa unha actitude respectuosa co medio ambiente | CSC CCL CSIEE | 3ª | Observación das producións |
| | | | VSCB3.14.2. Investiga os efectos do abuso de determinadas fontes de enerxía. | É consciente da repercusión da acción humana no medio ambiente | CSC CAA | 3ª | Observación das producións |
| | | | VSCB3.14.3. Realiza traballos creativos sobre a necesidade do aire non contaminado para a saúde e a calidade de vida. | Expón e adopta medidas para a conservación do medio que o rodea | CCL CSC CAA CSIEE | 3ª | Observación das producións |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|--------|---|--|--|--|---------------------------|----------------|-------------------------------------|
| | seleccionar e elaborar a información e presentar conclusións B3.22. Realización e interpretación de gráficos sinxelos. | | VSCB3.14.4. Expón graficamente argumentos para rexeitar actividades humanas contaminantes. | | CSC CD CMCT CCEC | | |
| k | B3.23. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes no ámbito escolar e doméstico.. B3.24. Actitudes e estratexias de promoción de formas de vida saudable e de calidade B3.25. Os primeiros auxilios | B3.15 . Ser capaz de realizar primeiros auxilios e tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos. | VSCB3.15.1. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida. | Identifica as condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida | CCL CAA CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Observación das Análises producións |
| | | | VSCB3.15.2. Coñece as prácticas de primeiros auxilios. | É quen de explicar en que consisten as prácticas de primeiros auxilios | CSC CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Observación das Análises producións |
| a i | B3.26. Condutas responsables no uso das TIC: autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético. Análise da realidade e dos contidos que se presentan no contorno dixital para desenvolver a capacidade crítica. | B3.16. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros. | VSCB3.16.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías. | Fai un uso responsable das novas tecnoloxías. | CD CSC | 1ª 2ª 3ª | Observación |
| | | | VSCB3.16.2. Analiza e axuíza criticamente os contidos do contorno dixital. | Entende os riscos que se poden dar nun mal uso das novas tecnoloxías | CCL CAA CSC | 1ª 2ª 3ª | Observación |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|------|---|--|---|---|-----------------------------|----------------|----------------------------|
| i | <p>B3.27. O consumo responsable. Identificación de actitudes e estratexias persoais e colectivas de consumo responsable</p> <p>B3.28. A publicidade e as súas técnicas. Influencia nos hábitos de consumo.</p> <p>B3.29. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar e seleccionar e elaborar a información e presentar conclusións.</p> | B3.17. Analizar criticamente a influencia da publicidade sobre o consumo empregando as novas tecnoloxías. | VSCB3.17.1. Realiza análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario. | Busca e analiza información sobre a sociedade de consumo | CD CSC CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Observación das producións |
| | | | VSCB3.17.2. Reflexiona sobre a influencia da publicidade expresando as conclusións mediante traballos creativos. | Reflexiona criticamente sobre a sociedade de consumo e a influencia da publicidade | CSC CCEC CD | 1ª 2ª 3ª | Observación das producións |
| | | | VSCB3.17.3. Realiza exposicións axuizando criticamente hábitos de consumo innecesario. | | CSC CCL CCEC CSIEE | | |
| n | <p>B3.30. Busca, selección, análise e elaboración de informacións en relación cos accidentes de tráfico.</p> <p>B3.31. Comunicación da información elaborada por diferentes medios</p> <p>B3.32. Identificación de actitudes e estratexias individuais e colectivas de prevención de riscos viarios</p> | B3.18. Investigar sobre a prevención de accidentes de tráfico xerando iniciativas e alternativas persoais. | VSCB3.18.1. Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa en diferentes medios de comunicación. | Infórmase na prensa sobre os accidentes de tráfico analizando as causas e consecuencias dos mesmos. | CSC CSIEE CAA | 1ª 2ª 3ª | Observación das producións |
| | | | VSCB3.18.2. Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e expón as súas conclusións. | Busca , analiza e selecciona información sobre os accidentes de tráfico en diferentes medios para elaborar traballos nos que analiza e explica as principais causas e | CSC CCL | 1ª 2ª 3ª | Observación das producións |

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C C | Temp. (Av.) | Instrumentos de avaliación |
|------|----------|-------------------------|--|--|---------------------|----------------|----------------------------|
| | | | | consecuencias dos accidentes de tráfico. | | | |
| | | | VSCB3.18.3. Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico. | É quen de expoñer as principais medidas que deberíamos adoptar para previr os accidentes de tráfico. | CSC CCL CSIEE | 1ª 2ª 3ª | Observación das producións |

4.7.2. Temporalización

| | | |
|---|-----------------------------|-------------------------|
| PRIMEIRO TRIMESTRE 10 setembro-22 decembro | Avaliación inicial | 11-09-2020 / 16-09-2020 |
| | 1.- Solucionando problemas | 17-09-2020 / 5-11-2020 |
| | 2.- Desmontando prexuízos | 6-11-2020 / 22-12-2020 |
| SEGUNDO TRIMESTRE 8 xaneiro-26 marzo | 3.- Vaia dilema! | 8-01-2021 / 11-02-2021 |
| | 4.- Subir nota en igualdade | 12-02-2021 / 26-03-2021 |

| | | |
|--|-----------------------------|-------------------------|
| TERCEIRO TRIMESTRE 6 abril- 22 xuño | 5.- Toda achega é necesaria | 6-04-2021 / 13-05-2021 |
| | 6.- Aprender no ciberespazo | 14-05-2021 / 22-06-2021 |

4.7.3. Concrecións metodolóxicas

A **metodoloxía** que se vai empregar procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizador, e na medida das posibilidades lúdico e motivador. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais. Promoveremos un enfoque interdisciplinar das materias e unha aprendizaxe activa, na que o alumno sexa quen de construír a súa propia aprendizaxe, que se desenvolverá nun ambiente que promoverá o traballo cooperativo, fomentando a aprendizaxe entre iguais. Esta técnica debido a heteroxeneidade do grupo, consideramos que será óptima para tentar salvar as diferenzas, formamos grupos de base heteroxéneos de 4 membros como máximo; nas áreas de matemáticas, linguas, ciencias naturais, sociais, valores e plástica, traballaremos deste xeito o máximo de tempo, e nas demais áreas nas actividades que o permitan. Ao comezo de curso atendendo ás suxerencias do protocolo Covid-19 para os centros educativos, estarán dispostos en filas de un, pero non descartamos a formación de grupos ao longo do curso si as circunstancias o permiten.

O desenvolvemento de proxectos en torno as materias de estudo serán promovidos como elementos enriquecedores e altamente motivadores e por ser o xeito de afianzar as competencias clave. Tentarase que as tarefas que se desenvolvan vaian orientadas á resolución de problemas da vida real. Na medida das posibilidades empregaranse recursos da rede e as achegas que as TIC fan ao mundo escolar, conscientes de que ese será o mundo no que se moverán os nosos alumnos. Daquela tentaremos desenvolver un espírito crítico con respecto delas, explotando as súas posibilidades pero facendo un uso axeitado e seguro das mesmas. Atenderemos aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, e promoveremos unha educación inclusiva. A lectura e a súa promoción terá un tratamento específico dentro da aula.

4.7.4. Materiais e recursos didácticos

Libros de texto, revistas, láminas de observación, material de debuxo (regra, cartabón, escuadra, compás...), produtos naturais, fichas de reforzo e ampliación. Vídeos, ordenador, tablet, pizarra dixital, aula virtual, encerado, mapas, aula de informática, biblioteca, saídas...

4.7.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado

AVALIACIÓN INICIAL

Ao comezo do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizarase unha avaliación inicial da área incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado na materia e o grao de desenvolvemento das competencias básicas.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Ademáis do informe AL-35 de final de curso que nos servirá de orientación para a toma de decisións á hora de priorizar a orde dos temas a impartir.

Será de gran importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo a fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

AVALIACIÓN CONTINUA

A avaliación será continua e formativa , tratando de atender a todo o proceso de ensino aprendizaxe, coa observación e seguimento do alumno:

- Recollida periódica do caderno.

- Actividades realizadas en clase ou na casa que se recollerán para avaliar de maneira individualizada: exercicios, resumes, esquemas e mapas conceptuais
- Exposicións orais, traballos, informes..
- Traballos en grupo

Estableceranse as medidas mais adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tendo en conta as directrices marcadas pola orientadora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

AVALIACIÓN FINAL

1.Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis.

2. Avaliaranse as aprendizaxes do alumnado mediante os indicadores de logro.

Serán os métodos que imos empregar na avaliación dos nosos alumnos. Os procedementos empregados son:

- Observación sistemática de clase: Mediante a observación detectaremos as dificultades e carencias dos nosos alumnos mentres se desenvolve o proceso de ensino-aprendizaxe, o que nos facilitará paliar sobre a marcha e evitar que se agraven aínda máis.

- Análise das produción dos alumnos/as: A través da análise das producións poderemos avaliar non só os coñecementos referentes a unidade didáctica que se está desenvolvendo neste intre, senón tamén a evolución da expresión e ortografía.

Entre as producións, realizarán pequenos traballos de investigación e traballos en grupo que serán convenientemente avaliados.

- Intercambios orais cos alumnos: Este procedemento permitiranos avaliar os coñecementos conceptuais, pero tamén os procedementos e actitudes (petición de palabra, respecto ás opinións dos demais...)

- Probas específicas: Entenderemos por estas non só a realización de exames senón tamén a resolución de exercicios e traballos remitidos polo mestre. Así mesmo, inclúese a avaliación da lectura nas áreas de Linguas a través da observación da lectura colectiva diaria.

- Participación e actitude: Ao conceder a programación tanta importancia á motivación, consideramos fundamental a participación de todos os alumnos/as na aula.

- Lectura: No CEIP Feliciano Barrera a lectura é considerada coma unha das mellores maneiras de perfeccionar a competencia lingüística do alumnado, neste senso farase especial fincapé nesta práctica, para iso contamos con 20 minutos de lectura diarios.

Instrumentos

Con respecto aos instrumentos empregados para a avaliación utilízanse: escalas de observación, probas orais, probas escritas e análise das producións, traballos en grupo, traballos de investigación individuais...

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Durante o curso realizarase unha proba ao remate de cada tema ou de cada dous, na que se valorará a adquisición das competencias clave e o nivel de logro.

As notas de observación na clase basearanse no caderno de actividades do alumno e na carpeta, que comezará a realizalas na aula e rematará na casa senón rematou.

Considéranse aspectos actitudinais os relacionados co traer o material, esforzo... así como as habilidades sociais (non interrupción na clase, participación, respecto da quenda de palabra...)

Co fin de valorar obxectivamente as aprendizaxes do alumnado establécense os seguintes *criterios de cualificación*:

- Probas obxectivas (exames escritos ou orais; traballos individuais ou colectivos, exposicións,...) = 70%

- Trabajo diario (talleres, ejercicios, deberes, caderno de clase –orde, limpeza, caligrafía,..) e actitude (interese pola área, esforzo, atención, participación,..) = 30%

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, suficiente(SU), ben(BE), notable(NT) ou sobresaliente(SB) para as cualificacións positivas. A estes termos engadiráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

Os resultados da avaliación **das competencias clave** reflectiranse na acta de avaliación final de cada curso, expresándose nos termos de «Insuficiente (IN)», para as cualificacións negativas, e «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)», para as cualificacións positivas. Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as

áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente. A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.

O alumno ou a alumna accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Nas sesións de avaliación tomaranse medidas para o reforzo educativo daqueles alumnos/as que non acaden un desempeño axeitado.

4.7.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

Como primeiro paso analizaranse as actas finais do curso anterior do grupo de alumnos e os informes individualizados dos mesmos. Ao comezo do curso realizaranse probas no marco da primeira quincena de clases, durante o mes de setembro, para avaliar o estado dos coñecementos do alumnado e marcarnos o punto de partida do noso traballo. Estas probas faranse tendo en conta os estándares do curso anterior. Os instrumentos de avaliación serán fundamentalmente listaxes de control e listas de verificación, e a análise da actividade desenvolvida na aula. Recollidos os datos da avaliación inicial determinaranse aqueles estándares que requiran dun tratamento máis intenso de cara a garantir un aproveitamento axeitado do curso.

4.7.7.Criterios de avaliación e estándares mínimos en caso de actividade lectiva non presencial

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|--|
| B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas. | VSCB1.4.1.Propón alternativas á resolución de problemas sociais. VSCB1.4.2. Sabe facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso. |
| B2.5.Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais. | VSCB2.5.1.Interacciona con empatía |
| B3.8. Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do contorno social. | VSCB3.8.1. Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades... VSCB3.8.2. Analiza feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, reclusión en campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade. VSCB3.8.3. Detecta prexuízos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar. |
| B3.9. Expresar a relevancia de preservar os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión realizando traballos de análise e síntese. | VSCB3.9.1. Valora e respecta a libre expresión. |

B3.12. Crear un sistema de valores propios realizando xuízos morais baseados nos dereitos e deberes básicos do Estatuto de autonomía e da Constitución española.

VSCB3.12.1. Explica os dereitos e deberes básicos da Constitución española.
VSCB3.12.2. Realiza xuízos morais sinxelos fundamentados.

5. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os criterios de promoción entre cursos e ao final de etapa serán os seguintes:

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado, ou os obxectivos da etapa, e que acadou o grao de adquisición necesario das competencias correspondentes.

Tomaranse como referencia as seguintes consideracións:

O alumno ou alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que:

- ✓ Non teña máis de tres materias con cualificación de insuficiente.
- ✓ Non teña cualificación de insuficiente nunha das linguas cooficiais e matemáticas.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. Poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polo centro de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Empregaremos ao remate do proceso a seguinte táboa para valorar o proceso de ensino e a práctica docente:

| | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos | | | | |
| Motivo aos meus alumnos comunicándolles os obxectivos que quero acadar e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos. | | | | |
| Relaciono os contidos con situacións reais, informándoos da utilidade e creando expectativas | | | | |
| Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno e que teña en conta os seus intereses | | | | |
| Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma | | | | |
| Cando comezamos unha actividade nova, os alumnos/-as coñecen os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar e como se lles vai avaliar. | | | | |
| As actividades que propoño están relacionadas con situacións da vida real. | | | | |
| En función das características de cada alumno suscito tarefas e logros diferentes. | | | | |
| Propoño metodoloxías diversas. | | | | |

Tamén valoraremos aspectos organizativos sobre o emprego de materiais e distribución do grupo clase

| | | |
|---|---------------------|---|
| Como organizo o grupo clase (expresado en porcentaxe de tempo) | | % |
| | Traballo individual | |
| | Parellas | |
| | Pequeno grupo | |
| Gran grupo | | |
| Emprego recursos e materiais variados para a aprendizaxe | | |

7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) ou altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso adecuado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Entre as medidas indicadas na epígrafe anterior considéranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexeráse polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.

Correspóndelle á Administración educativa establecer as condicións de accesibilidade ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, os recursos de apoio que favorezan ese acceso e, de ser o caso, os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo dese alumnado; adaptacións que se realizarán procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave e que tomarán como referente para a avaliación continua e a promoción os elementos fixados nas devanditas adaptacións.

A escolarización do alumnado que se incorpore de forma tardía ao sistema educativo, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de mais de dous anos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. No caso de superar ese desfasamento, incorporaranse ao curso correspondente á súa idade.

Para o alumnado que se incorpore de forma tardía ao sistema educativo adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento e que lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

No caso concreto deste grupo de alumnos/as, o diagnosticados con TDHA, requiren unha

metodoloxía que centre a súa atención e que consiga a súa máxima tranquilidade.

8.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2020: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2020: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2021: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2021: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2021: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2021: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 19 ao 23 de abril de 2021: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2021: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2021: Día de Europa.
- Do 10 ao 14 de maio de 2021: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2021: Día Mundial do Ambiente.

Ademais, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, realizaranse actividades específicas próximas ás datas de celebración internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais.

Ademais disto, neste curso, si a situación excepcional na que nos atopamos, causada pola pandemia do Covid-19, o permite, realizaranse saídas culturais e excursións de fin de curso, aínda por concretar.

9.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA

Valoraremos a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado. Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada, e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas. Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e se a coordinación entre o profesorado cumpre as expectativas iniciais. Con todos estes datos poderemos avaliar globalmente todo o proceso

Para valorar a nosa propia programación e acometer as reformas necesarias co fin de mellorala, usaremos como ferramenta esta lista de valoración:

| ASPECTOS DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|----------|----------|----------|----------|
| Organizáronse os estándares en relación ás distintas unidades de programación. | | | | |
| Definíronse axeitadamente os indicadores de logro dos estándares. | | | | |
| Determináronse os estándares imprescindibles. | | | | |
| Están correctamente asociados estándares, instrumentos de avaliación e indicadores de logro. | | | | |
| Deseñouse a avaliación inicial e definiuse que facer cos seus resultados. | | | | |
| Medidas de atención á diversidade: Tivéronse en conta medidas xerais de intervención educativa. | | | | |
| Contempláronse medidas para o alumnado con NEAE. | | | | |
| Fíxose unha AC no caso de estar autorizada. | | | | |
| Atendeuse axeitadamente ao alumnado con sobredotación. | | | | |
| Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación vinculados aos estándares. | | | | |
| Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación. | | | | |
| Hai estratexias de promoción da lectura e da escritura. | | | | |
| Hai estratexias para inserir as TIC no proceso de ensino. | | | | |
| Aplícase a metodoloxía didáctica acordada. | | | | |
| As tarefas están vinculadas a situacións reais, significativas e motivadoras para o alumnado. | | | | |
| Cada instrumento de avaliación relaciónase cos estándares de aprendizaxe. | | | | |
| Hai procedementos e instrumentos de avaliación variados. | | | | |
| Os estándares imprescindibles están identificados. | | | | |
| Infórmase ás familias e ao alumnado de estándares e criterios de cualificación. | | | | |
| Análise dos resultados das avaliacións individualizadas. | | | | |
| Coordinación entre o equipo didáctico. | | | | |
| Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas. | | | | |
| Tratamento preciso dos temas transversais. | | | | |
| Actividades extraescolares e complementarias. | | | | |

10. APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS NO CURSO 2019-20

A causa dos atrasos producidos no terceiro trimestre non se trataron os seguintes contidos:

Na área de **matemáticas**: O sistema sesaxesimal (B3.8. Unidades de medida do tempo e as súas relación, B3.9. Equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos, B3.11. Cálculos con medidas temporais), a medida da superficie e cálculo de áreas das figuras xeométricas, a medida do volume (B3.7. Sumar e restar medidas de superficie e volume) e Estatística e probabilidade (todos os contidos correspondentes a este bloque).

Con respecto a **Comunicación Lingüística**, os contidos non adquiridos foron: A oración: suxeito e predicado, tipos de oración (B4.5. Recoñecemento e observación reflexiva dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado), gramática: preposicións e conxuncións, adverbios (B4.6. Recoñecemento e uso dalgúns conectores textuais básicos, B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras), os poemas (B5.4. Identificación de recursos literarios)

Con respecto a área de **Ciencias sociais**, os contidos non adquiridos son todos os relacionados cos temas de historia a Idade Media e a Idade Moderna (B4.1.O tempo histórico. A Idade Media e a Idade Moderna: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan, B4.7.España e Galicia na Idade Moderna)

Con respecto a área de **Ciencias Naturais**, os contidos non adquiridos son os relacionados cos animais e os ecosistemas (B3.6. As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias, B3.7. Características e compoñentes dun ecosistema)

11. PLAN DE RECUPERACIÓN

Este curso despois de impartir o tema 1 de **matemáticas** que se trata dun repaso do cálculo básico comezaremos impartindo os temas nos que menos profundizamos o curso pasado, estes son os que normalmente se imparten no terceiro trimestre. Comezando polo tema de rectas e ángulos, xa que nos faltou algo de práctica coas regras, o sistema sesaxesimal, medidas de superficie e volume, cálculo de áreas e conceptos básicos de Estatística e probabilidade.

No que respecta as **linguas** afondaremos na aprendizaxe de verbos, a oración, os recursos literarios dos poemas e en gramática traballaremos as preposicións, conxuncións e adverbios, a través de apuntamentos e fichas de repaso.

Na materia de **Ciencias Naturais** o tema que non traballamos trátase este curso cun pouco máis de profundidade e ademais é un dos primeiros do temario polo tanto non serán necesarias medias especiais de recuperación nesta materia.

Na materia de **Ciencias Sociais** comezaremos cun pequeno repaso das etapas da historia, faremos un breve resumo que nos permita enlazar cos temas de historia que se dan neste curso.

12.MEDIDAS PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

En caso de que chegara a producirse, unha suspensión total ou parcial da actividade lectiva presencial no centro, por causa dun gromo, activarase o ensino a distancia, que se levará a cabo a través da aula virtual do centro.

O formato do curso será a través de teoría que se subirá a aula virtual en arquivos ou vídeos e tarefas para entregar creadas na aula virtual, tamén faremos clases por videoconferencia para explicar e aclarar contidos, resolver dúbidas e manter o contacto emocional cos alumnos.

As clases por videoconferencia serán a través da aplicación Webex ou a aplicación falemos.

Complementariamente empregaremos tamén o libro de texto, ou ben no formato dixital ou en papel.

A vía de comunicación coas familias será telefónica, por videoconferencia ou a través da mensaxería de abalar móbil.

Puntualmente poderemos empregar tamén outros recursos, ferramentas e metodoloxías que complementen as anteriores e que redunden na calidade do ensino a distancia.

Os alumnos de 6º os venres, acoden a aula de informática para aprender e practicar no manexo das distintas aplicacións que utilizaremos si houberse que suspender a actividade lectiva presencial.